



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 9/02/2023, EN 1ª CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

#### PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

#### CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)  
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

#### SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 9/02/2023, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a **sesión ordinaria**, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requírese a asistencia da

maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

#### ORDE DO DIA

- 1 - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIONS ANTERIORES.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - ASUNTOS VARIOS.

#### 1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 26/01/2023, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 26/01/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### 2º) LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 2.1) LICENZA DE EDIFICACIÓN

#### A) EXPEDIENTE: 2021/U022/000016

Visto o escrito co número 2022/999/00000456 do Rexistro Xeral de Entrada Telemática de Documentos deste Concello, de data 16/07/2021, presentado por Juan José Casabella López, e mail para notificación telemáticas , en representación de Manuel Lago Nemiña, de licenza de Edificación consistente na rehabilitación de 3 edificios para vivenda e local comercial, (Referencia Catastral números 8607606MH7580N0001OT,8607605MH7580N0001MTe8607610MH7580N0001KT), en base ao “proxecto básico de rehabilitación de 3 edificios para vivenda e local comercial” de data xaneiro de 2022, realizado polo arquitectos D. Xoan Casabella López e Xosé Díaz Vieites, colexiados COAG número 800 e 1708 respectivamente.

Visto o informe de subsanación de data 8/09/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que indica a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando que co número 2022/000/000001347 (RS) de 10/09/2021, diríxese oficio ó Arquitecto do Proxecto Juan Casabella López, requiríndolle a presentación de documentación complementaria solicitada no informe técnico de 8/09/2021.

Considerando que co número 2022/999/00000088 (R.T.E.) de 31/01/2022, Juan José Casabella López, Arquitecto , contesta ao requirimento e presenta documentación complementaria solicitada.

Visto o novo informe de subsanación de data 3/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que indica a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando que co número 2022/000/00000123 (RS) de 7/03/2022, diríxese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da xunta de Galicia, solicitándolle o correspondente informe sectorial.

Considerando que co número 2022/000/00000124 (RS) de 7/03/2022, diríxese oficio ó Arquitecto do Proxecto Juan Casabella López, requiríndolle a presentación de documentación complementaria solicitada no informe técnico de 3/03/2022.

Resultando que con data 8/07/2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, resolve autorizar as obras de rehabilitación de tres edificios, coas condicións que constan no informe.

Considerando que co número 2022/999/00000027 (R.T.E.) de 3/01/2023, Juan José Casabella López, Arquitecto, contesta ao requirimento e presenta documentación complementaria solicitada no informe técnico de 3/03/2022.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Visto que con data 30/01/2023, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, informa favorablemente o proxecto.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 30/01/2023, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**1º)** Conceder a MANUEL LAGO NEMIÑA, Licenza Urbanística para a Rehabilitación de 3 Edifícios para Vivenda e Local Comercial, (Referencias Catastrais números 8607606MH7580N0001OT, 8607605MH7580N0001MT e 8607610MH7580N0001KT:), en base ao novo proxecto básico sen visar presentado con data de xaneiro de 2023, redactado polos arquitectos San Casabella López Xosé Díaz Vieites, colexiados COAG nº 800 e nº 1.708 respectivamente, condicionada a:

**a)** Condicionarse a autorización para o inicio das obras ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edifícios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

**b)** Restableceranse ao seu estado orixinal as rúas e as beirarrúas que resultasen danadas coas obras, a conta do promotor e completarse a urbanización na fronte da aliñación cos mesmo tipo a calidade que os materiais existentes.

**c)** As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, oficios dos técnicos encargados da dirección das obras e autorización municipal para o comezo das obras.

O proxecto de execución xustificará o cumprimento das condicións impostas polo informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, xa que requirirá novo informe.

**d)** Xustificarse na planta da cuberta do proxecto de execución a colocación dos paneis solares indicados.

**2º)** O orzamento de execución material da obra segundo o proxecto ascende á cantidade de cento vinte mil euros (120.000 €).

O orzamento de execución material en aplicación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 4/10/2011, e publicado no BOP número 231 de 5/12/2011, é de cento corenta e oito mil trescentos



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

sesenta e un euros con vinte e catro céntimos (148.361,24 €) e sobre este importe calcularase o ICIO e a tramitación do expediente.

3º) Notificar este acordo ao promotor das obras, para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### 2.2) COMUNICACION PREVIA DE OBRAS

#### A) EXPEDIENTE: 2023/U026/000005

Visto o escrito co número 2023/000/00000084 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 11/01/2023, presentado por María del Rosario Domínguez Rivera, de comunicación previa de obras consistentes na retirada de cascotes do balcón, tratamento do seu armado e posterior enfoscado e pintado, nunha vivenda, (Referencia Catastral número 8609608MH7580N0001FT).

Vista a acta de comprobación documental de data 8/02/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a María del Rosario Domínguez Rivera, o título habilitante para a realización das obras consistentes na retirada de cascotes do balcón, tratamento do seu armado e posterior enfoscado e pintado, nunha vivenda, (Referencia Catastral número 8609608MH7580N0001FT).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

#### B) EXPEDIENTE: 2023/U026/000009

Visto o escrito co número 2023/000/00000179 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 24/01/2023, presentado por Fátima María Domínguez Domínguez, de comunicación previa de obras consistentes na retirada do fibrocemento e a recolocación da tella deteriorada na cuberta da vivenda, emprazada na cita rúa, (Referencia Catastral número 8108611MH7580N0001ET).

Vista a acta de comprobación documental de data 1/02/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Fátima María Domínguez Domínguez, o título habilitante para a realización das obras consistentes na retirada do fibrocemento e a recolocación da tella deteriorada na cuberta da vivenda, (Referencia Catastral número 8108611MH7580N0001ET).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **C) EXPEDIENTE: 2022/U026/000092**

Visto o escrito co número 2022000/00001232 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 30/06/2022, presentado por Juan Carlos Domínguez Lamela, comunicación previa de obras consistentes no acondicionamento do balcón existente na fachada principal da vivenda e substitución do mesmo por outro novo das mesmas características, (Referencia Catastral número 1547909MH8514N0001DA), con ocupación de 8 metros de vía pública con andamios.

Vista a acta de comprobación documental de data 6/07/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Considerando que co número 2022/000/00000434 (RS) de 07/07/2022, diríxese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, solicitando o correspondente informe sectorial.

Considerando que co número 2022/000/00000435 (RS) de 7/07/2022, diríxese oficio a Juan Carlos Domínguez Lamela, comunicándolle que se paralizan os prazos deste expediente mentres non se obteña o informe sectorial ao que fai referencia o informe técnico de 6/07/2022.

Considerando que, con data 18/01/2023, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar as obras de substitución do balcón da edificación, de acordo co cumprimento das condicións establecidas na resolución.

Vista a acta de comprobación documental de data 31/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Juan Carlos Domínguez Lamela, o título habilitante para a realización das obras consistentes, comunicación previa de obras consistentes no acondicionamento do balcón existente na fachada principal da vivenda e substitución do mesmo por outro novo das mesmas características, (Referencia Catastral número 1547909MH8514N0001DA), con ocupación de 8 metros de vía pública con andamios; debendo cumprir as seguintes condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

· “As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes co contorno e coas edificacións tradicionais da zona; polo que a nova varanda terá unha dimensión e un despece semellante, no que predominen as barras verticais, sinxelas e sen ornamentos, e será rematada cun acabado mate e sen brillos, preferentemente en cor branca, como as carpintarías das ventás. Tamén pode acabarse noutras cores características nas varandas tradicionais como a gris clara e a negra, en acabado mate e sen brillos.”

· De acordo co artigo 47 da LEG, a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público dun treito urbano dunha estrada está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización previa da administración titular desa estrada, polo que deberá obterse autorización da Axencia Galega de Infraestructuras si se invade o dominio público viario que consiste nunha franxa que se limita a os seis metros (6 m.) medidos en horizontal e perpendicularmente ó eixo da estrada existente

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

### **D) EXPEDIENTE: 2022/U026/000086**

Visto o escrito co número 2022000/00001070 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 14/06/2022, presentado por José Manuel Santos Insua, de comunicación previa de obras consistentes na reparación de gretas e pintado en cor clara da fachada dunha vivenda (Referencia Catastral número 8607902MH7580N0001IT), con ocupación de 5 metros de vía pública con andamios.

Vista a acta de comprobación documental de data 29/06/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Considerando que co número 2022/000/00000433 (RS) de 07/07/2022, diríxese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, solicitando o correspondente informe sectorial.

Considerando que co número 2022/000/00000419 (RS) de 4/07/2022, diríxese oficio a José Manuel Santos Insua, comunicándolle que se paralizan os prazos deste expediente mentres non se obteña o informe sectorial ao que fai referencia o informe técnico de 29/06/2022.

Considerando que, con data 18/01/2023, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar as obras de reparación e pintado de fachada dunha vivanda, de acordo co cumprimento das condicións establecidas na resolución.

Vista a acta de comprobación documental de data 31/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a José Manuel Santos Insua, comunicación previa de obras consistentes na reparación de gretas e pintado e cor claro da fachada dunha vivanda (Referencia Catastral número 8607902MH7580N0001IT), con ocupación de 5 metros de vía pública con andamios; debendo cumprir as seguintes condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

· “As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes co contorno e coas edificacións tradicionais da zona. Polo que a cor de acabado do revestimento continuo liso de fachada será a branca, branca rota ou a beixe moi clara”.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

### **E) EXPEDIENTE: 2022/U026/000145**

Visto o escrito co número 2022000/00002207 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 21/10/2022, presentado por María de los Ánchel Lado Canosa, comunicación previa de obras consistentes na reparación do tellado substituíndo as tellas deterioradas por outras novas, rexuntado de fachadas e contrución de piso de formigón no interior do almacén existente,



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

, (Referencia Catastral número 0945905MH8514N0001FA.

Vista a acta de comprobación documental de data 26/10/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Considerando que co número 2022/000/00000712 (RS) de 07/11/2022, dirixese oficio ó Servizo de Patrimonio Cultural, solicitando o correspondente informe sectorial.

Considerando que co número 2022/000/00000713 (RS) de 7/11/2022, dirixese oficio a María de los Ángeles Lado Canosa, comunicándolle que se paralizan os prazos deste expediente mentres non se obteña o informe sectorial ao que fai referencia o informe técnico de 29/06/2022.

Considerando que, con data 18/11/2022, o Servizo de Patrimonio Cultural require documentación complementaria para unir ó expediente en trámite.

Considerando que co número 2022/000/00000758 (RS) de 28/11/2022, dirixese oficio a María de los Ángeles Lado Canosa, para a presentación de documentación requirida polo Servizo de Patrimonio Cultural.

Considerando que a través do Sistema de Interconexión de Rexistros co número de Entrada 75411 /RX 3100906 de , 16/12/2022, María de los Ángeles Lado Canosa, presenta a documentación requirida polo Servizo de Patrimonio Cultural.

Considerando que con data 3/02/2023, o Servizo de Patrimonio Cultural resolve autorizar as obras de reparación do tellado e fachada do almacén, de acordo co cumprimento das condicións establecidas na resolución.

Vista a acta de comprobación documental de data 6/02/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a María de los Ángeles Lado Canosa, comunicación previa de obras obras consistentes na reparación do tellado substituíndo as tellas deterioradas por outras novas, rexuntado de fachadas e contrución de piso deformigón no interior do almacén existente, (Referencia Catastral número





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

0945905MH8514N0001FA; debendo cumprir as seguintes condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

· “A cuberta reparada rematarase en tella.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

### 2.3) COMUNICACION PREVIA DE CONEXIÓN Á REDE XERAL

#### A) EXPEDIENTE: 2022/U010/000008

Visto o escrito co número 2022/999/00000638 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 3/08/2022, presentado por David Trillo Estrada, de autorización para a acometida, abastecemento de auga e saneamento, con destino a unha vivenda (Referencia Catastral15038A502055750000DO).

Vista a acta de comprobación documental de data 25/08/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Considerando que co número 2022/000/00000560 (RS) de 30/08/2022, diríxese oficio a David Trillo Estrada, solicitándolle a presentación de documentación complementaria, ao que fai referencia o informe técnico de 25/08/2022.

Considerando que David Trillo Estrada, para unir ó expediente, presenta documentación complementaria, ao que fai referencia o informe técnico de 25/08/2022.

Vista a acta de comprobación documental de data 9/09/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Considerando que co número 2022/000/00000590 (RS) de 15/09/2022, diríxese oficio a David Trillo Estrada, solicitándolle a presentación de documentación complementaria, ao que fai referencia o novo informe técnico de data 9/09/2022.

Considerando que co número 2022/999/00000148 (R.E.T.) de 5/02/2023, David Trillo Estrada presenta documentación complementaria requirida á que fai referencia o informe técnico de 9/09/2022.

Vista a acta de comprobación documental de data 25/01/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a David Trillo Estrada, o título habilitante de comunicación previa de obras para proceder á conexión coa rede xeral de saneamento con destino a unha vivenda (Referencia Catastral15038A502055750000DO), debendo en todo caso, repoñer o firme co mesmo material que o pavimento orixinal e cumprir coas condicións específicas reflectidas na Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecemento" publicada no BOP nº 209 da Coruña, de data 4/11/2016.

As obras de acometida ás redes municipais de abastecemento de auga ou de saneamento serán realizadas polo interesado ata a ocupación do subsolo ou solo do dominio público municipal, a partir do cal será continuadas ou dirixidas pola empresa adjudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento e ata a súa conexión á rede a cargo do petionario.

Se estas obras de acometida ás redes municipais afectan ao subsolo ou solo de dominio público doutras Administración Públicas terán que executarse polos interesados, ademais de coas condicións que máis abaixo se indican, coas condicións e requisitos esixidos polas ditas Administración nas autorización que, se procede concedan para a execución das obras e ata a conexión ou entronque á rede municipal que será executado pola empresa adjudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento.

En todo caso, as obras de acometida á rede de servizo municipais de saneamento teranse que executar coas seguintes condicións:

**a)** Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

**b)** Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

**c)** Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descenderá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

**d)** A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

**e)** No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50- - 5 - CVD: mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

**f)** O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

**g)** A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

**h)** Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

**i)** O interesado comunicarase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

## 2.4) OCUPACIÓN DE VÍAS PÚBLICA

**A)** Visto o escrito co número 2023/999/00000145 do Rexistro Xeral de Entrada Telemática de Documentos deste Concello, de data 1/02/2023, presentado por Daniel Juan Benlloch Rivas, en representación de Josefina Cancela Blanco, para a ocupación de vía pública con colector de obras, co motivo do desescombros de materiais derivados das obras concedidas pola Xunta de Goberno Local de data 12/01/2023, nunha vivenda da citada Rúa.

Vista a acta de comprobación documental de data 6/02/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Josefina Cancela Blanco, autorización para ocupar 10 m2 da vía pública cun colector de obra a colocar, para recoller o desescombro de alicatados e revestimento de madeira que foron obxecto de licenza na Xunta de Goberno Local de 12/01/2023.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### 2.5) DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

**A)** Visto o escrito co número 2023/000/00002201 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 20/10/2022, presentado por Marina Díaz Riveiro, de devolución de fianza por importe de cen euros (100,00 €), co motivo da realización de obras xa rematadas, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 3/08/2017, para proceder á conexión de abastecemento de auga con destino a unha vivenda, sita na citada localidade.

Vista a acta de comprobación documental de data 8/02/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara que a conexión de auga non foi realizada, o que se confirma por parte dos técnicos encargados da xestión do servizo, polo que non hai inconveniente para a devolución da fianza.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Marina Díaz Riveiro, a devolución da fianza por importe de cen euros (100,00 €), efectuada para garantir a realización da urbanización e conexión de abastecemento de auga coa rede municipal, con destino aunha vivenda.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

**B)** Visto o escrito co número 2023/000/00002202 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 20/10/2022, presentado por Marina Díaz Riveiro,



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

de devolución de Fianza por importe de trescentos cincuenta euros (350,00 €), co motivo da realización de obras xa rematadas, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 3/08/2017, para a conexión de sumidoiros con destino a unha vivenda, sita na citada localidade.

Vista a acta de comprobación documental de data 8/02/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara que comprobado o pavimento afectado polas obras, atópase repostado, polo que non hai inconveniente para a devolución da fianza.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Marina Díaz Riveiro, a devolución da fianza por importe de trescentos cincuenta euros (350,00 €) efectuada para garantir a realización da urbanización e conexión coa rede de saneamento municipal.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **3º) ASUNTOS VARIOS**

#### **3.1) COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURAA)**

##### **EXPEDIENTE: 2022/U019/000012**

Visto o escrito presentado co número 2022/999/00000483 do RTE deste Concello, de data 17/06/2022, por Concepción Villa Pérez, e domicilio a efectos de notificacións telemáticas no mail, en representación de Sonia Horta Ramos, de COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de CAFE BAR RESTAURANTE, (referencia catastral número 8504418MH7580S0006AK).

CONSIDERANDO: Que co número 2022/999/00000493 do RTE deste Concello, de data 20/06/2022, por Concepción Villa Pérez, e domicilio a efectos de notificacións telemáticas no mail, en representación de Sonia Horta Ramos, presenta mais documentación para unir ao expediente de COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de CAFE BAR RESTAURANTE, (referencia catastral número 8504418MH7580S0006AK).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

CONSIDERANDO: Que co número 2022/000/00001176 do Rexistro Xeral de Entrada de documentos deste Concello, de data 22/06/2022, Sonia Horta Ramos, presenta documentación complementaria para unir ao expediente de COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de CAFE BAR RESTAURANTE, (referencia catastral número 8504418MH7580S0006AK).

CONSIDERANDO: Que con data 29/09/2022, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, presenta informe no que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2022/999/00000875 (RTS) de 10/10/2022, dirixese oficio ao interesado ao que se lle xunta o informe técnico de data 29/09/2022.

CONSIDERANDO: Que co número 2022/999/00000858 do RTE deste Concello, de data 20/10/2022, Concepción Villa Pérez, en representación de Sonia Horta Ramos, contesta ao requirimento e aporta documentación complementaria para unir ao expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2022/000/00002203 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 21/10/2022, Sonia Horta Ramos, contesta ao requirimento e aporta documentación complementaria para unir ao expediente.

CONSIDERANDO: Que o pasado 8/02/2023, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe en sentido favorable, do que se desprende que a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e se declara completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada na comunicación previa.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE presentada por SONIA HORTA RAMOS, para realizar a actividade de "RESTAURANTE 1 GARFO" (referencia catastral número 8504418MH7580S0006AK).

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### 3.2) HORARIO ESPECIAL DE FESTEXOS



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2023/U029/000002

Visto o escrito presentado co número 2023/999/00000135 (RE) de 30/01/2023 por AITOR PAPIN TRABA, en nome e representación da ASOCIACION PENA DE CORVOS, con CIF: G-10.841.203, no que con motivo da celebración do Entroido de 2023, solicita a ampliación do horario de peche para odía 18/02/2023.

Considerando, que a Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, establece no artigo 9 de ampliación de horarios:

“1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

4. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por AITOR PAPIN TRABA, en nome e representación da ASOCIACION PENA DE CORVOS, con CIF: G-10.841.203, e autorizar a ampliación en dúas (2) horas do horario de peche do espectáculo público da festa do Entroido de 2023, que se realizará na zona portuaria desta vila, o día 18/02/2023.

Considerando que o horario xeral de remate dos espectáculos públicos é ás 4:00 horas, e este horario ampliarase con carácter xeral media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites de vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Considerando a ampliación de 2 horas, o horario xeral de finalización do espectáculo queda establecido nas 6:30 horas. A esta hora iniciarase o desaloxo dos asistentes nun tempo máximo de 30 minutos.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **3.3) SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á EXCEMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA, PARA FINANCIAR GASTOS DE PERSOAL TECNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE DEPORTE – ANO 2023.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Presentar a solicitude para participar na convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2023 (FO106/2023) co seguinte detalle:

Modalidade pola que opta o Concello	Mantemento de persoal técnico con titulación de formación profesional
Importe da Subvención solicitada	10.000,00 €

### **3.4) AXUDAS ECONOMICAS**

A) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000216 (RE) de 31/01/2023 por Susana Martínez Escaris, en nome e representación do COLEXIO NOSA SRA. DO CARME, no que solicitan unha axuda económica para financiar parte dos gastos da excursión de fin de curso dos alumnos de 4º da ESO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder ao COLEXIO NOSA SRA. DO CARME, unha axuda económica por importe de trescentos euros (300,00 €) para sufragar parte dos gastos da viaxe de fin de curso dos alumnos de 4º da ESO dese centro educativo.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **3.5) AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL**

A) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000230 (RE) de 1/02/2023, por M. J. P. F., no que solicita unha axuda de emerxencia social para bens de primeira necesidade.





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Visto o informe de data 1/02/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica única para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a M. J. P. F., unha axuda económica única por importe de trescentos euros dezanove euros e noventa e nove céntimos (319,99 €), para sufragar gastos de primeira necesidade.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000231 (RE) de 1/02/2023, por J. M. Q. F., no que solicita unha axuda de emerxencia social para desprazamentos ao hospital na cidade da Coruña.

Visto o informe de data 1/02/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica única para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J. M. Q. F., unha axuda económica única por importe de trescentos euros (300,00 €), para sufragar gastos de desprazamentos ao hospital na cidade da Coruña.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

C) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000238 (RE) de 1/02/2023, por M. J. D. B., no que solicita unha axuda económica para mercar o tratamento farmacéutico que precisa.

Visto o informe de data 3/02/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a M. J. D. B., unha axuda económica única por importe de trescentos euros (300,00 €), para mercar o tratamento farmacéutico que precisa.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

D) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000265 (RE) de 6/02/2023, por C. C. T., no que solicita unha axuda de emerxencia social para gastos de primeira necesidade.

Visto o informe de data 6/02/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica única para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a C. C. T., unha axuda económica única por importe de trescentos euros (300,00 €), para sufragar gastos de primeira necesidade.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

E) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000306 (RE) de 9/02/2023, por L. L. G., no que solicita unha axuda de emerxencia social para equipamento básico.

Visto o informe de data 9/02/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica única para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a L. L. G., unha axuda económica única por importe de trescentos euros (300,00 €), para sufragar gastos de primeira necesidade.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

### 3.6) TARXETA DE ESTACIONAMENTO

A) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000249 (RE) de 2/02/2023, por A. R. D., no que solicita a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas minusvalía (002/22).

Visto o informe de data 3/02/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con problemas de mobilidade polo prazo de dez (10) anos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

1º) Renovar a A. R. D., a tarxeta de estacionamento (002/22), por ser persoa con problemas de mobilidade, por un período de dez (10) anos.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 20:45 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.